



## Os campos de batalla escolleitos polo imperialismo contemporáneo.

### Condicións para unha resposta efectiva desde o Sur



Samir Amin

Artigo orixinal publicado en francés, en dúas partes, en Pambazuka News (29 de novembro e 6 de decembro de 2009). En inglés, en [www.MRzine.org](http://www.MRzine.org)

(Trad. XDD)

Na arte da guerra, cada parte belixerante elixe o terreo que considera máis vantaxoso para a súa batalla pola ofensiva tentando impor este terreo ao seu adversario, de maneira de o situar nunha posición defensiva. O mesmo acontece coa política tanto a nivel estatal coma nas loitas xeopolíticas.

Nos últimos trinta anos, máis ou menos, os poderes que conforman o imperialismo colectivo da *Triada* (os EEUU, Europa Occidental e o Xapón) definiron dous campos de batalla, que aínda están vixentes: a “democracia” e o “medio ambiente”.

Este escrito ten a intención primeira de examinar os conceptos e substancia das definicións de cada un destes dous temas seleccionados polos poderes da *Triada* e de levar a cabo unha análise crítica dos mesmos do punto de vista dos intereses dos pobos, nacións e estados aos que van destinados, os países do Sur, após daqueles outros do antigo Leste. Logo consideraremos o papel de todos os instrumentos postos en xogo polas estratexias do imperialismo cara emprenderen as súas batallas: a globalización “liberal”, e a súa ideoloxía acompañante (a economía convencional), a militarización da globalización, a “boa gobernanza ou gobernabilidade”, a “axuda”, a “guerra contra do terrorismo” e a guerra preventiva, así como tamén as ideoloxías acompañantes (o *posmodernismo* cultural). E en cada momento salientaremos as condicións para unha resposta efectiva dos pobos e dos estados do Sur cara afrontar o reto da reorganización do imperialismo da *Triada*.

#### 1. “Democracia”, ¿Qué “Democracia”?

Foi un trazo de agudeza da diplomacia da alianza Atlántica o elixiren o campo da “democracia” para a súa ofensiva, sendo reivindicada desde o principio, no desmantelamento da Unión Soviética e a reconquista dos estados da Europa oriental. Esta decisión remóntase á década dos setenta e gradualmente foi cristalizando na Conferencia da Organización para a Seguranza e Cooperación na Europa (OSCE, nas siglas inglesas) e despois cando se asinou a Acta final en Helsinki en 1975. No seu libro, co título tan evocativo de *Le Piège, Helsinki et la chute du communisme* (A Trampa: Helsinki e a caída do comunismo), Jacques Andreani, explica coma os soviéticos que agardaban un acordo de desarme da OTAN e unha detente xenuína, foron na realidade simplemente enganados polos seus socios occidentais<sup>1</sup>.

Foi un trazo de agudeza porque a “cuestión da democracia” era un asunto xenuíno e o menos que se podería dicir era que os réximes soviéticos non eran certamente “democráticos”, de calquera maneira que un definira os seus concepto e práctica. En contraste, os estados da Alianza Atlántica poderían cualificarse así propios como “democráticos”, calquera que fosen as limitacións e contradicións das súas prácticas políticas actuais, subordinadas aos requirimentos da reprodución capitalista. A comparanza dos sistema operaba no seu favor.

Consideraremos os instrumentos utilizados polas estratexias do imperialismo: a globalización «liberal» e a súa ideoloxía acompañante (a economía convencional), a militarización da globalización, a «gobernabilidade», a «axuda», a «guerra contra do terrorismo» e a guerra preventiva, así como as ideoloxías acompañantes (o posmodernismo cultural)

<sup>1</sup> Jacques Andreani, *La Piège, Helsinki et la chute du communisme*, Paris: Odile Jacob, 2005.

Entón, este discurso sobre a democracia reemprazou gradualmente ao que mantiñan os soviéticos e os seus aliados: “a coexistencia pacífica”, asociada co “respeito” para as prácticas políticas de ambas as partes e para con a “non interferencia” nos seus asuntos internos.

O discurso da coexistencia tivera os seus momentos importantes. Por exemplo, A Apelación de Estocolmo nos anos cincuenta recordoulle á xente a ameaza real nuclear dada a entender pola agresiva diplomacia empregada polos EEUU desde a Conferencia de Postdam (1945), reforzada polo bombardeo atómico do Xapón xusto poucos días despois da conferencia.

Porén, ao mesmo tempo, a elección desta estratexia (coexistencia e non interferencia) era conveniente, ou podería selo segundo as circunstancias, aos poderes dominantes tanto de Occidente coma do Leste. Pois iso posibilitaba dar por supostas ás realidades das descrições respectivas, “capitalista” e “socialista”, tanto en Occidente coma no Leste. Eliminaba toda discusión seria respecto da natureza precisa dos dous sistemas: isto é, a exame do capitalismo realmente existente da nosa era (capitalismo oligopolista) e do “socialismo realmente existente”. As Nacións Unidas (co acordo tácito dos poderes de ambos os dous mundos) mudaba os termos “capitalismo” e “socialismo” a “economías de mercado” e a “economías con planificación centralizada” (ou, para ser máis maliciosos, “economías planificadas”).

Algunhas veces, estes dous termos, ambos os dous falsos (ou só superficialmente verdadeiros), fixeron posíbel xa sexa (1) enfatizar a “converxencia dos sistemas”, unha converxencia imposta en si mesma pola moderna tecnoloxía (unha teoría, asemade falsa, derivada dun concepto da historia monista e tecnicista), e para deixar campo a coexistencia de cara a facilitar esta converxencia “natural”; ou, (2) pola contra, subliñar a oposición irreductíbel entre o modelo “democrático” (asociado coa economía de mercado) e o “totalitarismo” (producido pola economía “planificada”); dependendo das necesidades do momento ao longo da guerra fría.

Elixiren o concentrar a batalla ao redor do discurso da “democracia” fixo posíbel optar pola “irreductibilidade” de sistemas e a lles ofrecer aos países do Leste unicamente unha perspectiva de capitulación retornando ao capitalismo (o “mercado”), que entón debería producir, de maneira natural, as condicións para a democratización. O feito de que isto non fora o caso (para a Rusia pos soviética), ou que tivese lugar en formas altamente grotescas (para os grupos étnicos de aquí ou alí na Europa Oriental), é outra cousa.

De facto, o discurso “democrático” dos estados da alianza Atlántica é recente. Ao principio, a OTAN acomodouse perfectamente ben a Salazar en Portugal,

aos xenerais turcos, e aos coroneis gregos. Ao mesmo tempo as diplomacias da *Triada* apoiaron (e a miúdo estableceron) as peores ditaduras xamais coñecidas en Latino América, África e Asia.

Ao principio o novo discurso democrático foi adoptado con moita reticencia. Moitas das autoridades políticas principais da alianza Atlántica viron os inconvenientes que poderían desbaratar a súa “realpolitik” preferida. Non foi até que Carter foi elixido Presidente dos EEUU (algo parecido a Obama hoxe) que o sermón “moral” expresado polo discurso da democracia adquiriu sentido. Foi Miterrand na Franza quen rachaba coa tradición *gaullista* de refugar a “división” imposta a Europa pola estratexia da guerra fría promovida polos EEUU. Máis tarde, a experiencia de Gorbachov na Unión Soviética deixou claro que adherirse a este discurso era unha garantía para a catástrofe.

Deste xeito o novo discurso “democrático” trouxo os seus froitos. Parecelle suficientemente convincente á opinión da “esquerda” europea para apoialo. Isto foi así, non só para a esquerda electoral (os partidos socialistas) senón, asemade, para aqueles cunha tradición máis radical, dos que os partidos comunistas eran os seus herdeiros. Co “eurocomunismo” o consenso fíxose xeral.

As clases dominantes da *Triada* imperialista aprenderon as leccións oportunas da súa vitoria. Por ilo decidiron continuar esta estratexia de centraren o debate sobre a “cuestión democrática”. A China non se lle reprocha o teren aberto a súa economía ao mundo exterior senón porque as súas políticas son xestionadas polo partido comunista. De ningunha maneira se toman en conta os logros sociais de Cuba, inigualados no conxunto da América Latina, mais o seu sistema de partido único é constantemente estigmatizado. Incluso, o mesmo discurso é utilizado contra da Rusia de Putin.

É o trunfo da democracia o obxectivo real desta estratexia?. Hai que ser moi inxenuo para crer niso. A única meta é impor nos estados recalcitrantes a “economía de mercado”, aberta e integrada no chamado sistema liberal mundial. Que é na realidade imperialista, sendo o seu obxecto reduciren estes países ao estatus de periferias dominadas do sistema. Este é un obxectivo que, unha vez alcanzado, convértese nun obstáculo para o progreso da democracia nos países escollidos como vítimas e non significa de maneira ningunha un avance como resposta á “cuestión democrática”.

As oportunidades de progreso democrático nos países que experimentaron o “socialismo realmente existente” (polo menos ao comezo) deberían ter sido moito maiores, a medio prazo senón inmediatamente, se a dialéctica das loitas sociais se lle deixara desenvolver por si propia, despregando a posibilidade de supe-

Concentrar a batalla ao redor do discurso da «democracia» fixo posíbel optar pola «irreductibilidade» dos sistemas e a lles ofrecer aos países do Leste unicamente unha perspectiva de capitulación retornando ao capitalismo (o «mercado»), que entón debería producir, de maneira natural, as condicións para a democratización.

raren os límites do “socialismo realmente existente” (que ademais se deformara por, como pouco, unha adherencia parcial á apertura económica liberal) cara alcanzar o “final do túnel”.

De feito, a teima “democrática” é invocada unicamente contra dos países que non queren facerse accesíbeis á economía globalizada liberal. Existe menos preocupación por réximes políticos altamente autocráticos. Arabia Saudí e o Paquistán son bos exemplos, mais tamén a Xeorxia (pro alianza atlántica) e moitos outros.

Ademais, no mellor dos casos, a fórmula “democrática” proposta apenas vai alén dunha caricatura de “eleccións pluri-partidistas”, non só completamente allea aos requirimentos do progreso social senón sempre, ou case sempre, asociada coa regresión social que a dominación do capitalismo realmente existente (o dos oligopolios) demanda e produce. A fórmula ten xa socavado en grande parte a democracia, que moitos pobos, profundamente confundidos, teñen agora substituído con ilusións retrógradas relixiosas e étnicas.

Por tanto, agora é máis necesario ca nunca reforzar a crítica de esquerda *radical* (subliño radical para o distinguir de crítica de esquerda, que é confusa e imprecisa). Noutras verbas debe ser unha crítica que asocie, no canto de disociar, a democratización da sociedade (e non só ao seu goberno político) co progreso social (desde unha perspectiva socialista). Nesta crítica, a loita pola democratización e a loita polo socialismo son unha e a mesma. Ningún socialismo sen democracia, mais tamén ningún progreso democrático sen unha perspectiva socialista.

## 2. O “Medio Ambiente” ou a Perspectiva Socialista do Valor de Uso?. A Cuestión Ecolóxica e o chamado Desenvolvemento Sostíbel.

Aquí tamén, o punto de partida é un recoñecemento dun problema real, a destrución do contorno natural e, en última instancia, a supervivencia da vida no planeta, que vén causada pola lóxica da acumulación do capital.

Aquí tamén, remóntase aos anos setenta, con maior precisión á Conferencia de Estocolmo de 1972. Non embargante, durante moito tempo tratouse dunha cuestión menor, marxinal en todos os discursos dominantes e as prácticas de xestión económica. Tal cuestión foi unicamente proposta como un punto central na estratexia de dominación en tempos relativamente recentes. Así só moito máis tarde xurdiu o traballo de Wackernagel e Rees (cuxa primeira publicación en inglés saíu en 1996) que supón unha nova e moi importante reflexión para o pensamento social radical

relacionado coa construción do futuro<sup>2</sup>.

Wackernagel e Rees, non só adiantaron un concepto novo, o de pegada ecolóxica; tamén elaboraron un sistema para a medir, que foi definido en termos de “hectáreas globais”, comparando a bio-capacidade das sociedades/países (a súa capacidade para producir e reproducir as condicións de vida no planeta) co consumo por esas sociedades/países dos recursos ao seu dispor a través desta bio-capacidade.

Os autores chegaron a conclusións moi perturbadoras. A bio-capacidade do noso planeta, en termos humanos, é de 2,1 hectáreas globais (gha, segundo as siglas en inglés) per cápita, noutras palabras, 13200 millóns de gha para unha poboación de 6300 millóns de persoas. Porén, o consumo mundial medio dos seus recursos era xa, a mediados dos noventa, de 2,7 gha. “Esta “media” agocha unha enorme disparidade: a media para os estados da *Triada* alcanzaba un valor ao redor de catro veces o da media mundial. Unha grande parte da bio-capacidade das sociedades do Sur tiña sido tomada polo centro no seu propio beneficio. Noutras verbas, a expansión do capitalismo realmente existente está destruindo o planeta e a humanidade mentres que a continuación da lóxica da súa expansión require xa sexa un xenocidio auténtico dos pobos do Sur que estorban ou, coma mínimo, mantelos dominados en condicións dunha pobreza crecente. Estase a desenvolver unha corrente eco-fascista que lexítima esta clase de solución do problema.

O interese desta obra vai alén das súas conclusións. Pois é unha cuestión de cálculo (e subliño o de cálculo, non de discurso) do valor de uso dos recursos do planeta medidos en hectáreas globais, non en dólares.

Así se pon en evidencia que o valor de uso social pode ser calculado de maneira absolutamente racional. Esta proba é dun impacto decisivo porque o socialismo se define en termos dunha sociedade baseada no valor de uso, non no valor de cambio. E os defensores do capitalismo coma o final-da-historia sempre argumentaron que o socialismo era unha utopía quimérica porque, segundo eles, o valor de uso non pode ser medido sen se mesturaren co valor de cambio (baseado no concepto de “utilidade” da economía vulgar).

Considerar o valor de uso (do que a pegada ecolóxica constitúe un primeiro bo exemplo) implica co socialismo debe ser “ecolóxico”, non pode máis ca ser ecolóxico. Coma observou Alvater, “Socialismo Solar” ou “Non Socialismo”<sup>3</sup>. Porén, ilo tamén implica que é imposible absolutamente para calquera sistema capitalista, mesmo para un “reformado”, tomar en conta o valor de uso, tal coma veremos máis adiante.

2 Mathis Wackernagel e William Rees, *Notre empreinte écologique*, Montreal:Ecosociété, 1999.

3 Elmar Alvater, *As pragas do capitalismo, crise enerxética, colapso climático,fame,e inestabilidades financeiras*, artigo presentado na FMA, Caracas, 2008.

Así se pon en evidencia que o valor de uso social pode ser calculado dunha maneira absolutamente racional. Esta proba é dun impacto decisivo porque o socialismo se define en termos dunha sociedade baseada no valor de uso, non no valor de cambio.

Marx, no seu tempo, non soamente sospeitaba da existencia deste problema. Formulou xa unha distinción rigorosa entre valor e riqueza, que eran confundidos pola economía vulgar. Dixo explicitamente que a acumulación capitalista destruíra as bases naturais sobre as que estaba fundada: os seres humanos (os traballadores alienados, explotados, dominados e oprimidos) e a terra (símbolo da riqueza natural dada ou entregada á humanidade) E calquera que sexan os límites desta expresión, coma sempre prisioneira da súa época, é certo, non obstante, que demostra unha conciencia lúcida do problema (alén dunha simples intuición), o que debería ser recoñecido.

Por tanto, resulta lamentábel que os ecoloxistas da nosa era, Wackernagel e Rees entre eles, non teñan lido a Marx. Ilo teríalles permitido levar as súas proposicións máis alá, comprender mellor o seu impacto revolucionario, e mesmo, obviamente, ir alén do propio Marx sobre este tema.

Esta deficiencia da ecoloxía moderna deu facilidades para o seu control pola economía vulgar que está nunha posición dominante no mundo contemporáneo. Esta toma de control está xa en marcha, mesmo ben avanzada.

A ecoloxía política, tal como declarou Alain Lipietz, foi atopada primeiramente nas ringleiras da esquerda política “pro-socialista”. Despois os movementos dos “verdes” (e, logo diso, os partidos dos “verdes”) foron clasificados coma de centro-esquerda por mor da expresión da súas simpatías pola xustiza social e internacional, a súa crítica dos “desperdicios” e a súa empatía cos traballadores e os pobos “pobres”. Mais, deixando aparte a diversidade destes movementos, ningún deles establecera unha relación rigorosa entre a auténtica dimensión socialista necesaria para dar resposta ao reto e a non menos necesaria dimensión ecolóxica. Pra ser capaces de facer iso, no pode ignorarse a distinción entre valor e riqueza realizada por Marx.

A toma da ecoloxía pola economía vulgar opera a dous niveis: reducir o cálculo do valor de uso coma un cálculo “perfeccionado” do valor de cambio; e integrar o desafío ecolóxico nunha ideoloxía de “consenso”. Ambas as dúas operacións impiden unha conciencia lúcida do feito de que a ecoloxía e o capitalismo son antagónicos na súa mesma esencia.

A economía vulgar tense apoderado a pasos axigantados do cálculo ecolóxico. Milleiros de xoves investigadores, nos EEUU e por imitación na Europa, teñen sido mobilizados con este propósito.

Desta maneira, os “custos ecolóxicos” asimílanse ás externalidades. O método común de análise custo-beneficio para medir o valor de cambio (en si mesmo confundido co prezo de mercado) utilízase así para

chegar a un “prezo xusto” que integra as economías e “deseconomías”. E o truco está feito!

Por suposto o traballo, que é altamente matemático cando se realiza de acordo a este método tradicional da economía vulgar, non nos di como o “prezo xusto” calculado pode converterse no prezo de mercado realmente existente. Así, un é conducido a imaxinar “incentivos” fiscais e outros suficientemente efectivos para produciren esa converxencia. Porén, a proba de que iso debería ser así é deficiente.

De facto, coma xa podemos ver, os oligopolios teñen controlado o ecoloxismo cara xustificaren a apertura de novos campos para a súa expansión destrutiva. François Houtart dera un excelente exemplo no seu libro sobre os agro-carburantes<sup>4</sup>. O Capitalismo “verde” está agora a orde do día para os que están no poder no ámbito da *Triada* (de dereitas e de esquerdas) e para os directores dos oligopolios. Por suposto este ecoloxismo confórmase coa chamada “sostibilidade feble”, por usar a xerga actual, isto é, a compravenda dos “dereitos de acceso aos recursos do planeta”<sup>5</sup>. Todos os economistas convencionais adheríronse abertamente a esta posición propoñendo “a subhasta dos recursos mundiais (pesquerías, permisos de polución, etcétera)”. Esta é unha proposición que apoia aos oligopolios simplemente na súa ambición cara hipotecar aínda máis o futuro dos pobos do Sur.

Esta captura do discurso ecoloxista prové un servizo moi útil ao imperialismo. Fai posíbel *marxinalizar* senón eliminar a cuestión do desenvolvemento. Coma sabemos, o asunto do desenvolvemento non estaba na axenda internacional até cos países do Sur foron capaces de impoñelo grazas ás súas propias iniciativas, forzando aos poderes da *Triada* a negociar e a lles facer concesións. Mais unha vez superada a etapa de Bandung, xa non foi por máis tempo unha cuestión de desenvolvemento senón, unicamente, de apertura dos mercados. E a ecoloxía, tal como é interpretada polos poderes dominantes, é xusto unha prolongación deste estado de cousas.

O atrapar do discurso ecoloxista por medio da política de consenso (a expresión necesaria do concepto de capitalismo coma o fin-da-historia) non está menos avanzado. Esta captura ten sido doada pois se orixina nas alienacións e ilusións das que se alimenta a cultura dominante, que é a do capitalismo. Tan sido doado porque realmente esta cultura existe, nun lugar e escala dominante, nas mentes da maioría dos seres humanos, tanto no Sur coma no Norte.

En contraste, é difícil expresar as necesidades da contra cultura do socialismo. A cultura socialista non está

<sup>4</sup> François Houtart, *L'agroénergie, solution pour le climat ou sortie de crise pour le capital?*, Charleroi: Couleur Livres, 2009.

<sup>5</sup> Aurélien Boutaud e Natacha Gondran, *L'empreinte écologique*, Paris: La Découverte, 2009.

A toma da ecoloxía pola economía vulgar opera a dous niveis: reducir o cálculo do valor de uso coma un cálculo «perfeccionado» do valor de cambio; e integrar o desafío ecolóxico nunha ideoloxía de «consenso»

aquí, en fronte de nós. É o futuro a ser inventado, un proxecto de civilización, aberto á imaxinación inventiva. Fórmulas (como “socialización a través da democracia non a través do mercado” e de “dominio da cultura no canto de que a política e a economía se sirvan dela”) non son suficientes, malia o suceso que tiveron no comezar do proceso histórico de transformación. Xa que será un longo proceso “secular”: a reconstrución das sociedades sobre uns principios diferentes aos do capitalismo, tanto no Norte coma no Sur, non pode ser “rápida”. Mais a construción do futuro, mesmo se atopar moi distante, comeza hoxe.

### 3. A Economía Convencional: Un Instrumento Ideolóxico Central para a Reprodución Capitalista

O discurso da economía convencional denomina ao sistema actual como a “economía de mercado”. É inadecuado e mesmo enganoso: coma xa sinalamos, o mesmo podería describir a Inglaterra do século XIX, a China das dinastías Sung e Ming ou as cidades do Renacemento italiano.

A teoría da “economía de mercado” foi sempre a columna vertebral da “economía vulgar”. Esta teoría elimina de maneira inmediata e por completo a realidade esencial: as relacións de producións sociais (en particular a propiedade coma expresión inmediata destas relacións, elevada á consideración dun principio sagrado). Son substituídas pola hipótese dunha sociedade constituída por “individuos” (que, en última análise, convértense en axentes activos na reprodución do sistema e da súa evolución). Estes “individuos” (homo oeconomicus) son ahistóricos, idénticos aos que, desde as orixes da humanidade (Robinson Crusoe) posuían as mesmas e inmutábeis calidades (o egoísmo e a capacidade para calcular e para facer eleccións que os benefician). Por tanto, o edificio construído sobre tais fundamentos, a “economía de mercado”, non corresponde a unha formulación estilizada do mundo do capitalismo histórico e real. Constrúe un sistema imaxinario que apenas integra nada da esencia, dos elementos básicos, da realidade capitalista.

O *Capital* de Marx desenmascara a natureza ideolóxica (no senso funcional da verba) desta construción da economía vulgar desde Frédéric Bastiat e Jean-Baptiste Say, cuxa función consistiu soamente en lexitimar a orde social existente, comparándoa cunha “orde natural e racional”. As posteriores teorías do valor --da utilidade e do equilibrio económico xeral, desenvolvidas en resposta a Marx no último terzo do século XIX, así como tamén aquelas outras herdeiras delas, a economía matemática contemporánea, descrita como clásica, neoclásica, liberal ou neoliberal (o nome pouco importa, realmente non ten importancia)--, non diverxen do marco definido polos principios básicos da

economía vulgar.

O discurso da economía vulgar axuda a coñecer os requisitos da produción e reprodución do capitalismo realmente existente. Fomenta, por riba de calquera outra cousa, un eloxio da “competencia”, considerada como a condición esencial do “progreso”. Nega este atributo á solidariedade (malia todos os exemplos históricos), reducida a unha camisa de forza de compaixón e caridade. A competencia pode darse entre os “produtores” (isto é, os capitalistas, sen tomar realmente en conta a forma oligopolista da produción capitalista contemporánea) ou entre os “traballadores” (asumindo que os traballadores en paro, ou os “pobres” son os responsábeis da súa situación). A exclusividade da “competencia” refórzase a través da nova linguaxe (“social partners” [asociados/socios sociais] no canto de clases en conflito) así como a través de prácticas como, entre outras, a do Tribunal do Servizo Civil da Unión Europea, que é un feroz partidario do desmantelamento dos sindicatos, por os considerar un obstáculo para a competencia entre traballadores.

A adopción do principio exclusivo da competencia tamén invita á sociedade a apoiar a meta de construíren un “consenso” que exclúe a imaxinación “doutra sociedade” baseada na solidariedade. Esta ideoloxía da sociedade de consenso, que está nun camiño avanzado de ser adoptada na Europa, destrúe o impacto transformador da mensaxe democrática. Expresa a mensaxe da dereita libertaria que considera ao estado, calquera sexa a súa caste, coma “o inimigo da liberdade” (o que debería interpretarse como o inimigo da liberdade de empresa capitalista) e divorcia a práctica dunha democracia castrada do progreso social.

### 4. Problemas Reais do Mundo Contemporáneo, alén da Economía Vulgar

A economía vulgar simplemente elimina do campo das súas “análises” os problemas reais principais propostos polo despregue do capitalismo histórico na súa conquista do mundo. Recordaremos agora sucintamente a natureza destas cuestións.

#### *No Corazón do Problema de Hoxe: O Capitalismo dos Oligopolios, que converteuse en Xeneralizado, Globalizado e Financiarizado*

O capitalismo acadou unha etapa de centralización e concentración do capital fóra de toda comparación coa situación de fai 50 anos, e así describo este capitalismo coma o dos oligopolios xeneralizados. Os “monopolios” (ou, mellor, os oligopolios) de ningunha maneira son novas invencións da historia moderna. Porén, o que é novo é o número limitado de oligopo-

O discurso da economía vulgar axuda a coñecer os requisitos da produción e reprodución do capitalismo realmente existente.

Fomenta, por riba de calquera outra cousa, un eloxio a «competencia», considerada como a condición esencial do «progreso». Nega este atributo á solidariedade, reducida á camisa de forza da compaixón e a caridade.

lios (“grupos”) rexistrados que se sitúa ao redor dos 500, se só tomamos en consideración os de tamaño colosal, e de 3.000 a 5.000 no caso dunha listaxe máis exhaustiva. Eles determinan agora, a través das súas decisións, o conxunto da vida económica no planeta, e moito máis. Por tanto, este capitalismo de oligopolios xeneralizados é un salto cualitativo adiante na evolución xeral do capitalismo.

A razón aportada para esta evolución, e normalmente a única, é a de ser o resultado inevitábel do progreso tecnolóxico. Isto é só verdadeiro a medias, e inda así, é importante o especificar que a inventiva tecnolóxica está en si mesma dirixida en grande medida polos requisitos da concentración e o xigantismo. Para moita da produción a eficiencia non só non esixe o xigantismo senón, pola contra, “pequenas” e “medianas” empresas. Este é o caso, por exemplo, da produción agrícola na que a agricultura familiar moderna ten probado ser moito máis eficiente. Mais é certo, asemade, de moitos outros tipos de produción de bens e servizos, que están agora subordinados aos oligopolios que determinan as condicións da súa supervivencia.

De facto, a razón real máis importante é a busca de ganancias máximas, que beneficia aos grupos poderosos que teñen un acceso prioritario aos mercados de capital. Semellante concentración ten sido sempre a resposta do capital ás crises longas e profundas que se distinguiron na súa historia. Na historia recente, aconteceu por vez primeira despois da crise que comezou na década dos setenta dos século XIX e por segunda vez, exactamente un século máis tarde, na década dos setenta do século pasado.

Esta concentración está na orixe da “*financiarización*” do sistema, pois así é coma os oligopolios desvían o valor excedente global xerado polo sistema de produción, unha “renda monopolista” que posibilita que os grupos oligopolistas incrementen considerabelmente a súa taxa de beneficio. Esta exacción obtense por mor do acceso exclusivo dos oligopolios aos mercados financeiros e monetarios que se converten así nos mercados dominantes.

Por tanto, a “*financiarización*” non é, de ningún modo, o resultado dunha deriva lamentábel asociada a “desregulación” dos mercados financeiros, e inda menos a “accidentes” (coma o das hipotecas lixo) sobre os que a economía vulgar e o seu discurso político acompañante concentra a atención do público. É un requisito necesario para a reprodución do sistema de oligopolios xeneralizados. Noutras verbas, entremetres o seu estatus (privado) permaneza sen cambio as parolas sobre unha “regulación” rechamante ou enérxica dos mercados financeiros son en van, inútiles.

O capitalismo dos oligopolios xeneralizados e *financiarizados* é tamén globalizado. De novo aquí, a “glo-

balización” non é de maneira ningunha unha nova característica do capitalismo, que ten sido sempre “globalizado”. Incluso teño ido máis lonxe na descrición da globalización capitalista, subliñando o seu carácter inherentemente “polarizante” (producindo un abismo crecente entre os centros “desenvolvidos” do sistema e as súas periferias dominadas). Isto tivo lugar en todas as etapas da expansión capitalista tanto no pasado coma no presente, e así será no futuro previsible. Asemade teño avanzada a tese de que a nova fase da globalización está necesariamente asociada co emerxer do “imperialismo colectivo da *Triada*” (os EEUU, a Europa e o Xapón).

A nova globalización é en si mesma inseparábel do control exclusivo do acceso aos recursos naturais do planeta exercido polo imperialismo colectivo. Por tanto a contradición centro-periferias, o conflito Norte - Sur na linguaxe corrente, resulta fundamental para calquera transformación posíbel dos capitalismo realmente existente do noso tempo. E máis notoriamente que no pasado, isto, a súa vez, require do “control militar do planeta” por parte do centro imperialista colectivo.

As diferentes “crises sistémicas” que foron estudadas e analizadas, a natureza estragadora de enerxía dos sistemas de produción, a crise agrícola e alimentaria, e así sucesivamente, son inseparábeis das esixencias da reprodución do capitalismo dos oligopolios xeneralizados, *financiarizados* e globalizados. Se non se cuestiona o estatus destes oligopolios calquera das políticas cara resolver estas “crises sistémicas”, as fórmulas de “desenvolvemento sostíbel”, quedarán coma unha cháchara inane.

Por tanto, o capitalismo dos oligopolios xeneralizados, *financiarizados* e globalizados converteuse nun sistema “obsoleto”, no senso de que a socialización dos oligopolios, que consiste na abolición do seu estatus privado, debería se converter no obxectivo estratéxico esencial de calquera análise crítica xenuína do mundo real. Se isto non acontece, o sistema por si propio só pode producir máis e máis destrución bárbara e criminal, mesmo a destrución do planeta. Con certeza, significará a destrución das sociedades da periferia: os chamados países “emerxentes” así como os países “*marxinalizados*”.

O carácter obsoleto do sistema tal como se alcanzou ma presente etapa da súa evolución é en si mesmo inseparábel das mudanzas nas estruturas das clases gobernantes (as “burguesías”), na práctica política, na ideoloxía e na cultura política. A burguesía histórica esta desaparecendo da escena e sendo reemprazada pola plutocracia dos “bosses” [xefes, xerentes, caciques] dos oligopolios. A deriva da práctica dunha democracia baleira de todo contido e o emerxer de expresións ideoloxicamente ultra-reaccionarias constitúen

Por tanto a «*financiarización*» non é o resultado dunha deriva lamentábel asociada a «desregulación» dos mercados financeiros, e inda menos a «accidentes» (coma o das hipotecas lixo) sobre os que a economía vulgar e o seu discurso político concentra a atención do público. É un requisito necesario para a reprodución do sistema de oligopolios xeneralizados.

o acompañamento necesario do carácter obsoleto do capitalismo contemporáneo.

A dominación dos oligopolios exerceuse na *Triada* imperialista central baixo diferentes condicións e por medios diferentes dos utilizados nos países da periferia do sistema. Ilo é unha diferenza decisiva, esencial cara identificar as principais contradicións do sistema e logo imaxinar as evolucións posibles do conflito Norte-Sur, que probabelmente aumentará.

O imperialismo colectivo da *Triada* abrangue aos EEUU e as súas provincias externas (Canadá e Australia), a Europa occidental e central e o Xapón. Os monopolios globalizados son todos eles o produto da concentración do capital nacional/estatal nos países que constitúen a *Triada*. Os países da Europa oriental, incluso os que pertencen agora á Unión Europea, non dispoñen aínda dos seus propios oligopolios “nacionais” e, por iso, representan simplemente un campo para a expansión dos oligopolios da Europa occidental (particularmente os de Alemaña). Por tanto, son reducidos ao estatus da periferia. A súa relación asimétrica coa Europa occidental é, *mutatis mutandis*, análoga á que enlaza Latino América cos EEUU (e, incidentalmente, á Europa occidental e a Xapón).

Na *Triada*, os oligopolios ocupan a escena total no ámbito da toma de decisións económicas. A súa dominación se exerce directamente sobre todas as compañías xigantescas que producen bens e servizos, así como sobre as institucións financeiras (banca e outros) que pertencen ao seu poder. E é exercida indirectamente sobre todas as pequenas e medianas empresas (na agricultura e nos outros campos de produción), que a miúdo son reducidas a un estatus de subcontratistas, continuamente subordinadas ás restricións que impoñen os oligopolios sobre elas en todas as etapas das súas actividades. Os oligopolios da *Triada* operan nos países da periferia utilizando métodos diversos que describiremos máis adiante.

Mais non só os oligopolios dominan a vida económica dos países da *Triada*. Eles monopolizan o poder político no seu propio proveito; os partidos políticos electorais (de dereita e esquerda) convertéronse nos seus debedores. Esta situación, de cara a un futuro previsíbel, será aceptada como “lexítima”, malia a degradación da democracia que acarrega. Non serán ameazados até que, quizais nalgún momento no futuro, as “frontes anti-plutocráticas” sexan capaces de incluíren na súa axenda, en formas evolutivas complexas e sempre abertas, sen prazo definido, a abolición da xestión privada dos oligopolios e a súa socialización.

Os oligopolios exercen o seu poder nas periferias de maneiras completamente diferentes. É certo que a *deslocalización* absoluta e a práctica en expansión da subcontratación deu aos oligopolios da *Triada* certo

poder para intervir directamente na vida económica dos diferentes países. Xa que estes aínda permanecen coma países independentes dominados polas clases gobernantes locais, os oligopolios da *Triada* son forzados a operar a través destas. Existen toda caste de fórmulas que gobernan estas relacións, que van desde a submisión directa das clases locais gobernantes nos países “compradorizados” (“re-colonizados”), sobre todo nas periferias “marxinalizadas” (particularmente, mais non só en África), até algunhas veces, negociacións dificultosas coas clases gobernantes (con concesións mutuas obrigatorias), especialmente nos países “emerxentes”, sobre todo, China.

Existen tamén oligopolios nos países do Sur. Foron os grandes organismos públicos dos antigos sistemas de socialismo realmente existente (por suposto na China e na Unión Soviética, mais tamén a un nivel máis modesto na Cuba e no Vietnam). Tamén este foi o caso na India, o Brasil, e noutras partes do “capitalismo do Sur”; algún destes oligopolios tiñan un estatus público ou semi-público, namentres outros eran privados. A medida co proceso de globalización se profundaba, certos oligopolios (públicos e privados) comezaron a operar fóra das súas fronteiras e a imitaren os métodos utilizados polos oligopolios da *Triada*. Non embarcante, as intervencións dos oligopolios do Sur fóra das súas fronteiras son, e así será por moito tempo, marxinais, cando se comparan coas dos oligopolios do Norte. Ademais, os oligopolios do Sur non conquistaron o poder político nos seus respectivos países para o seu propio proveito. Na China, a “estatocracia” do Partido-Estado constitúe aínda o núcleo esencial do poder. Na Rusia, unha mestura de oligarquías estatais/privadas devolveu o poder autónomo ao Estado, co tiña perdido durante o período de derrubio e colapso da Unión Soviética. Na India, Brasil e outros países do Sur, o peso da oligarquía privada non é exclusivo: o poder descansa en bloques hexemónicos máis amplos, incluíndo principalmente á burguesía nacional, ás clases medidas, aos propietarios de grandes facendas modernizadas (*latifundia*) e aos agricultores ricos.

Todas estas condicións fan imposíbel confundir o Estado nos países da *Triada* (que funciona para o uso exclusivo da oligarquía e mesmo para a súa lexitimación) e o Estado nas periferias. O último nunca tivo a mesma lexitimidade que nos centros e moi ben pode perder esa pouca que teñen. De facto, os que están no poder son fráxiles e vulnerábeis ás loitas sociais e políticas.

A hipótese de que esta vulnerabilidade será “transitoria” e que probabelmente se atenúe co desenvolvemento do capitalismo local, el mesmo integrado na globalización, é un erro incuestionábel incluso para os “países emerxentes”, unha hipótese que deriva dunha visión lineal das “etapas do desenvolvemento” (formuladas por Rostow en 1960). Mais o pensamento con-

Esta situación ... será aceptada como «lexítima», malia a degradación da democracia que acarrega. Non serán ameazados até que, quizais nalgún momento no futuro, as «frontes anti-plutocráticas» sexan capaces de incluíren na súa axenda ... a abolición da xestión privada dos oligopolios e a súa socialización.

vencional e a economía vulgar non están equipados intelectualmente para comprenderen que o “*catching up*” [o proceso de converxencia] é imposible neste sistema e que a fenda entre os centros e as periferias non desaparecerá “gradualmente”.

Os oligopolios e os poderes políticos cos serven nos países da *Triada* perseguen o obxectivo único de “rexurdiren da crise financeira” e, basicamente, restauraren o sistema á súa situación anterior, tal como era. Existen boas razóns para pensar que esta restauración, se ten éxito, o que non resulta imposible aínda que é máis difícil do que xeralmente se pensa, non pode ser sustentábel xa que implica a volta á expansión das finanzas, o cal é esencial para os oligopolios se han de se apropiari da renda de monopolio no seu propio proveito. Por tanto, é probábel un novo colapso financeiro inda máis espectacular co do ano 2008. Mais, deixando de lado estas consideracións, a restauración do sistema, deseñado para expandir de novo os campos de actividades para os oligopolios significaría o agravamento do proceso de acumulación por desposuimento dos pobos do Sur (a través do secuestro dos seus recursos naturais, incluída a terra agrícola). E os discursos ecoloxistas sobre “o desenvolvemento sustentábel” non prevalecerán sobre a lóxica de expansión dos oligopolios, que son máis que capaces de aparecer como si os adoptases na súa retórica, tal coma xa o estamos presenciando.

As vítimas principais desta restauración serán as nacións do Sur, tanto os países “emerxentes” coma os outros. Desta maneira é moi probábel cos “conflitos Norte-Sur” están destinados a se facer moito máis virulentos no futuro. Así, as respostas co Sur dará a estes desafíos poderían ser esenciais no enfrontamento ao conxunto do sistema globalizado. Isto non significa o cuestionar o “capitalismo” directamente senón que, seguramente, significaría o cuestionar da globalización dirixida pola dominación dos oligopolios.

Certamente as respostas do Sur deben enfocarse en axudar a armar aos seus pobos e estados a enfrontarse á agresión dos oligopolios da *Triada*, cara facilitaren a “desconexión” do sistema de globalización existente e a fomentar múltiples alternativas substanciais de cooperación Sur-Sur.

O desafío do estatus privado dos oligopolios polos propios pobos do Norte (a “fronte anti-plutocrática”) constitúe de certo un obxectivo absolutamente estratéxico na loita pola emancipación dos traballadores e dos pobos. Mais este obxectivo ten aínda que madurar politicamente e non é demasiado probábel que vaia acontecer no futuro previsíbel. Entrementes, os conflitos Norte-Sur ocuparán probabelmente o centro do escenario.

## O Capitalismo, unha Paréntese na Historia

O principio de acumulación sen fin que define ao capitalismo é sinónimo cun crecemento exponencial, e este último, de maneira parecida ao cancro, leva á morte. Stuart Mill quen recoñeceu isto pensaba que un “estado estacionario de cousas” poñería final a este proceso irracional. Keynes compartiu este optimismo da Razón. Mais ningún deles era capaz de comprender como podería imperar a necesaria superación do capitalismo. Pola contra Marx, asignando o seu papel á loita de clases podía imaxinar a mudanza no poder da clase capitalista, concentrada hoxe nas mans da oligarquía.

A acumulación, que tamén é outra verba para *pauperización*, constitúe o marco obxectivo das loitas contra do capitalismo. Mais ten lugar principalmente a través do contraste acrecentado entre a riqueza das sociedades no centro beneficiarias dunha renda imperialista e a miseria das sociedades nas periferias dominadas. Por tanto, este conflito convértese no tema central da alternativa entre “o socialismo ou a barbarie”.

Historicamente, o capitalismo “realmente existente” desenvolveuse con formas sucesivas de acumulación a través do desposuimento, non unicamente no seu comezar (a “acumulación primitiva”) senón tamén en todas as fases do seu desenvolvemento. Unha vez constituído, o capitalismo “atlántico” tentou de conquistaren o mundo e de o reconstruír sobre a base dun desposuimento permanente das rexións conquistadas, transformándoas nas periferias dominadas do sistema<sup>6</sup>.

Esta globalización “vitoriosa” ten sido incapaz de se impor dun xeito duradeiro. Transcorrido apenas medio século logo do seu triunfo, que xa parecía prefigurar ou inaugurar o “fin da historia”, foi cuestionado pola revolución da semiperiferia rusa e as loitas (vitoriosas) de liberación en Asia e máis na África que marcaron a historia do século XX, a primeira onda de loitas a prol da emancipación dos traballadores e dos pobos.

A acumulación mediante o desposuimento prosegue diante dos nosos ollos no capitalismo serodio dos oligopolios contemporáneos. Nos centros, a busca de rendas de monopolio, das que son beneficiarias as plutocracias oligopolistas, son sinónimos do des-

<sup>6</sup> Giovanni Arrighi, *O Século Vinte Longo*, Londres: Verso, 1994; Giovanni Arrighi, *Adam Smith en Beijing*, Londres: Verso, 2007. O concepto de acumulación por desposuimento introducido por Arrighi, parecido ao que eu propuxera de “acumulación primitiva permanente”, caracteriza ao capitalismo histórico, orixinado en Europa, por contraste con outras vías de desenvolvemento do capitalismo, inauguradas en China durante as dinastías Sung e Ming (correspondencia Arrighi-Amin). Ver, tamén, Samir Amin, *Sur la crise*, Pantin: Temps des cerises, 2009, capítulos 2 e 3.

O desafío do estatus privado dos oligopolios polos propios pobos do Norte ... constitúe de certo un obxectivo absolutamente estratéxico na loita pola emancipación dos traballadores e dos pobos. ... Entrementes, os conflitos Norte-Sur ocuparán, probabelmente, o centro do escenario.



posuimento da base produtiva enteira da sociedade. Nas periferias, este desposuimento *pauperizante* ponse de manifesto na expropiación do campesiñado e no saqueo dos recursos naturais destas rexións. Estas prácticas constitúen os piares esenciais nas estratexias de expansión do capitalismo serodio dos oligopolios.

Neste contexto situei a “nova cuestión agraria” no corazón dos desafíos do século XXI. O desposuimento do campesiñado (na Asia, África e América Latina) constitúe a forma contemporánea principal da tendencia cara a *pauperización* (no senso que Marx deu a esta “lei”) asociada á acumulación. A súa posta en práctica non pode separarse da busca e captura de rendas imperialistas polos oligopolios, con ou sen agrocombustíbeis. A partires disto saquei a conclusión de que o desenvolvemento das loitas pola terra, das respostas que darán a través delas para o futuro das sociedades campesiñas do Sur (case a metade da humanidade), determinarán a capacidade dos traballadores e dos pobos cara progresar no camiño da construción dunha auténtica civilización, liberada da dominación do capital, e para a cal non vexo ningún outro nome que non sexa socialismo<sup>7</sup>.

O saqueo dos recursos naturais do Sur, requirido pola continuación dun modelo de consumo estragador e antieconómico que beneficia exclusivamente ás sociedades ricas do Norte, destrúe calquera perspectiva de desenvolvemento digno dese nome para os pobos do Sur; e constitúe, por tanto, a outra cara da *pauperización* nunha escala mundial. Neste senso, a “crise enerxética” non é nin o produto da escaseza de determinados recursos precisos para a produción (petróleo, obviamente), nin o resultado dos efectos destrutivos das formas de produción e consumo devoradoras de enerxía actualmente en curso. Inda que estes son reais, só constitúen a evidencia inmediata e visíbel dos problemas. Mais ben, a crise ten sido provocada pola desexo dos oligopolios do imperialismo colectivo cara se asegurar o monopolio do acceso aos recursos naturais do planeta, sexan eles escasos ou non, de maneira que lles permita apropiarse da renda imperialista, ben que a utilización destes recursos permaneza tal como hoxe (antieconómica e devoradora de enerxía), ou estea suxeita aos novos correctivos das políticas “ecolóxicas”. Así, deduzo disto que a persecución desta estratexia expansionista do capitalismo serodio dos oligopolios chocará inevitavelmente coa resistencia crecente das nacións do Sur.

### *Dunha Crise Longa á Outra*

A crise actual non é nin unha crise financeira nin a suma de múltiples crises sistémicas, senón a crise do capitalismo imperialista dos oligopolios, cuxo exclusivo e supremo poder corre o risco de seren cuestiona-

do máis unha vez polas loitas da totalidade das clases populares e polos pobos e as nacións nas periferias dominadas, mesmo se son aparentemente “mercados emerxentes”. A crise é, ao mesmo tempo, a crise da hexemonía dos EEUU. O capitalismo dos oligopolios, o poder político das oligarquías, a globalización bárbara, a *financiarización*, a hexemonía dos EEUU, a militarización da xestión da globalización ao servizo dos oligopolios, o devalar da democracia, o saqueo dos recursos do planeta, o abandono da perspectiva de desenvolvemento para o Sur: todos están asociados indisolubelmente.

O desafío real é este: lograrán estas loitas unha converxencia para preparar o camiño, ou camiños, na longa vía cara a transición ao socialismo mundial?. Ou estas loitas permanecerán de costas unhas doutras, quizais mesmo enfrontándose entre elas, sendo, por tanto, infructuosas e deixándolle así a iniciativa ao capital dos oligopolios?.

É bo regresar a primeira crise longa do capitalismo que deulle forma ao século XX, porque o paralelo entre as fases de despregue das dúas crises é moi espectacular.

O capitalismo industrial triunfante no século XIX entrou en crise en 1873. As taxas de beneficio descendieron polas razóns salientadas por Marx. O capital reaccionou de dúas maneiras: pola concentración e expansión globalizada. Os novos monopolios apoderáronse da renda imposta sobre o valor excedente agregado xerado pola explotación da forza de traballo e aceleraron a conquista colonial do planeta. Estas transformacións estruturais capacitáronos para obter novos e inmensos beneficios e conduciron á “*belle époque*”, desde 1890 até 1914, de dominación globalizada polo capital monopolista *financiarizado*. O discurso dominante neses tempos gababan a colonización (como unha “misión civilizadora”) e describían a globalización como sinónimo de paz. A social democracia dos traballadores europeos solidarizouse con este discurso.

E aínda ca “*belle époque*”, se anunciara coma o “fin da historia” polos principais ideólogos dese período, finalizaba nunha guerra mundial, tal coma unicamente previra o Lenin. E o período que continuou e durou até o remate da Segunda Guerra Mundial estivo caracterizado por “guerras e revolucións”. En 1920, a revolución Rusa (o “elo feble” do sistema) tiña sido illada a continuación da derrota das esperanzas revolucionarias na Europa Central, o capital dos monopolios *financiarizados*, contra todo prognóstico, restauraba o sistema da *belle époque*. Tal restauración, denunciada daquelas por Keynes, estaba na orixe do colapso financeiro de 1929 e da conseguinte depresión que durou até a Segunda Guerra Mundial.

O “século XX longo” --1873 - 1990 -- viu, por conse-

A crise actual non é nin unha crise financeira nin a suma de múltiples crises sistémicas, senón a crise do capitalismo imperialista dos oligopolios, cuxo exclusivo e supremo poder corre o risco de seren cuestionado máis unha vez polas loitas da totalidade das clases populares e polos pobos e nacións nas periferias dominadas.

<sup>7</sup> Cf. a obra de Samir Amin, Sam Moyo, Archie Mafeje e outros en Samir Amin, *Sur la crise*, op cit., capítulo 5.

guinte, tanto o despregue da primeira crise sistémica e profunda do capitalismo serodio (até o punto de que o Lenin pensaba que este capitalismo monopolista constituía a “fase última, suprema, do capitalismo”), e asemade a primeira onda triunfante de revolucións anticapitalistas ( Rusia, China) e de movementos antiimperialistas dos pobos de Asia e África.

A segunda crise sistémica do capitalismo comezou en 1971, case exactamente un século despois do comezo da primeira, cando o dólar perdeu a súa convertibilidade en ouro. Tanto as taxas de beneficio como os niveis de investimento e as taxas de crecemento minxaron (e endexamais regresaron de novo aos niveis alcanzados no período 1945-75). O capital respondeu a este desafío dunha maneira semellante a súa resposta á crise previa: por medio dun duplo movemento de concentración e globalización. Como tal, o capital estableceu unhas estruturas que definiron a segunda “*belle époque*” (1990-2008) da globalización *financiarizada*, que permitiu que os grupos oligopolistas mantiveran a súa renda de monopolio. O mesmo discurso acompañou a este proceso: o “mercado” garantía a prosperidade, a democracia e a paz; era o “fin da historia”. E, coma antes, os socialistas europeos deron apoio entusiasta ao novo liberalismo. Porén, esta nova “*belle époque*” estivo desde o principio acompañada pola guerra: a guerra do Norte contra do Sur comezou en 1990. Así como a primeira globalización *financiarizada* levou a 1929, así esta segunda produciu 2008. Hoxe alcanzamos un momento álxido que suxire a probabilidade dunha nova onda de “guerras e revolucións”. Tanto máis cando os poderes dominantes non pensan noutra cousa que non sexa a restauración do sistema á súa situación anterior ao derrube financeiro.

A analogía no desenvolvemento destas dúas crises longas, sistémicas, do capitalismo serodio é rechamante. Non embargantes, existen diferenzas, cuxas implicacións políticas son importantes.

### ***A Segunda Onda de Emancipación dos Pobos: Será unha nova versión do Século XX ou Algo Mellor?***

O mundo contemporáneo está gobernado por oligarquías. Existen as oligarquías financeiras de EEUU, Europa e o Xapón que dominan non só a vida económica senón, senón, tanto máis, a política e a vida cotián. Existen as oligarquías rusas que as imitan e co estado pretende controlar. Existe a *estatocracia* en China. Tamén existen autocracias (algunhas veces ocultas tras da aparencia dunha democracia electoral de “baixa intensidade”) noutras partes do planeta que forman parte deste sistema mundial.

A xestión da globalización contemporánea por estas oligarquías está agora en crise.

As oligarquías do Norte buscan a permanencia no poder após da superación da crise presente. Non se senten ameazados. Pola contra, é claramente visíbel a fragilidade dos poderes das autocracias do Sur. Por tanto, o modelo de globalización actualmente en curso é vulnerábel. Será posto en cuestión pola rebelión do Sur coma acontecera no século previo?. Probablemente si, mais iso non é dabondo. Pois para que a humanidade se comprometa nunha vía socialista, a única alternativa humana ao caos, será necesario, ao mesmo tempo, derrotar estas oligarquías, os seus aliados e os seus servidores, tanto nos países do Sur coma do Norte.

O capitalismo é “liberal” por natureza, se por “liberalismo” non queremos significaren a imaxe benéfica que esa etiqueta nos inspira. senón o exercicio pleno de dominación do capital, non soamente sobre o traballo e a economía, mais tamén sobre todos os aspectos da vida social. Non existe unha “**economía** de mercado” (unha expresión vulgar para dicir capitalismo) sen unha “**sociedade** de mercado”. O capital persigue con teima o seu único obxectivo, facer diñeiro. A acumulación por si propia. Marx, e logo del outros pensadores coma Keynes, comprendían isto perfectamente. Mais este non é o caso dos nosos economistas convencionais incluídos os situados na esquerda.

Esta dominación exclusiva e total do capital foi imposto desapiadada e implacabelmente polas clases dirixentes en todo o período abranguido pola longa crise previa até 1945. Unicamente a tripla vitoria da democracia, o socialismo e a liberación nacional dos pobos, fixo posíbel, desde 1945 a 1980, reemprazar este modelo permanente de capitalismo ideal pola coexistencia conflitiva de tres modelos socialmente regulados, que eran o estado de benestar da social democracia occidental; os socialismos realmente existentes no leste; e os nacionalismos populares no Sur. A perda de ímpeto e o consecuente colapso destes tres modelos fixo posíbel o regreso da dominación exclusiva do capital, denominada neoliberalismo.

Os desastres sociais desatados polo liberalismo, a “permanente utopía do capital”, tal como escribín, teñen inspirado unha morea de nostalxia en relación a un pasado recente ou remoto. Mais semellantes nostalgias non facilitan dar unha resposta apropiada ao reto do presente. Pois eran o produto do empobrecemento dun pensamento crítico teórico empobrecido que gradualmente fixo imposíbel a comprensión das contradicións internas e os límites do período pos Segunda Guerra Mundial; as súas erosións, desviacións e colapsos se lles aparecen como cataclismos ou sismos imprevistos.

Non embargante, no baleiro creado por este declinar do pensamento crítico, teórico, foi posíbel desenvol-

O mundo contemporáneo está gobernado por oligarquías. Existen oligarquías financeiras de EEUU, Europa e o Xapón, que dominan non só a vida económica senón, tanto máis, a política e a vida cotián. Existen as oligarquías rusas que as imitan e co estado pretende controlar. Existe a *estatocracia* en China. Tamén existen autocracias ... noutras partes do planeta que forman parte deste sistema mundial.

ver unha certa nova conciencia da crise sistémica de civilización. Refírome con isto aos ecoloxistas. Mais os Verdes, que tiñan proposto distinguirse radicalmente tanto dos Azuis (os conservadores e os liberais) coma dos Roxos (os socialistas) están bloqueados nun punto morto dado o seu fracaso en relacionar a dimensión ecolóxica cunha crítica radical do capitalismo.

Por conseguinte todo estaba preparado para aseguraren o trunfo, de certo efémero mais crido como final, da alternativa da chamada “democracia liberal”. Esta é unha maneira miserábel de pensamento, un auténtico non-pensamento, que fai caso omiso dos argumentos decisivos de Marx respecto desta democracia burguesa e que ignora o feito de que quen deciden non son os afectados negativamente polas decisións. Os que deciden, sacando proveito da liberdade reforzada polo control sobre a propiedade, son, hoxe en día, os plutócratas dos oligopolios do capitalismo e os estados que son os seus debedores. Por forza, os traballadores e os pobos en cuestión son pouco máis ca súas vítimas. Mais, polo menos durante certo tempo, semellante absurdo podía aparecer coma críbel, como resultado da deriva dos sistemas da posguerra, cuxas orixes a pobreza da dogmática xa non podía comprender. A democracia liberal ben podía aparecer coma “o mellor de todos os sistemas posibles”.

Estes días, eses poderes, que foron incapaces de prever nada, están facendo todo o que poden cara restauraren o mesmo sistema. O seu posible suceso, coma no caso dos conservadores no anos vinte do século pasado, que Keynes tiña denunciado sen atopar demasiado eco daquelas, unicamente pode exacerbar todas as condicións que son a causa do colapso financeiro de 2008.

O recente cumio do G-20 (Londres, abril de 2009) de ningún xeito marca o comezo dunha “reconstrución do mundo”. E quizais non sexa unha coincidencia que fora seguido polo cumio da OTAN, o brazo militarizado do imperialismo contemporáneo, e polo reforzamento da súa ocupación militar en Afganistán. A guerra permanente do “Norte” contra do “Sur” debe continuar.

Nós xa coñeciamos cos gobernos da *Triada*, os EEUU, Europa e o Xapón, perseguirían o obxectivo único de restauración do sistema tal como existía denantes de setembro de 2008. De maneira máis interesante os líderes invitados dos “mercados emerxentes” permaneceron en silencio. A única sentenza intelixente ao longo de todo este Grande Circo díxose polo Presidente chinés Hu Jintao, quen observou “de pasada”, sen insistiren e cun sorriso (socarrón?), que sería preciso ter pensada a creación dun sistema financeiro global que non estivera baseado no dólar estadounidense. Inmediata e correctamente, uns escasos observadores relacionaron isto coas propostas de Keynes en 1945.

Este “comentario” lémbra-nos da realidade: que a crise do sistema do capitalismo oligopolista está asociada inseparabelmente á crise da hexemonía dos EEUU, que se atopa nunha situación precaria. Mais quen a reemprazará?. Seguro que Europa non, que non existe separada ou fóra do Atlantismo e que non ten a ambición de ser independente, como confirmou mais unha vez o cumio da OTAN. China?. Esta “ameaza”, que os *media* repiten *ad nauseam* (un novo “Perigo Amarelo”?) carece de base. Os líderes chineses coñecen que o país non dispón aínda dos suficientes medios ou vontade. A estratexia chinesa está confinada á promoción dunha nova globalización sen hexemonías. Isto nos lles parece aceptábel nin a EEUU nin aos europeos.

Deste xeito, as posibilidades dun desenvolvemento factíbel nesa dirección descansan por enteiro nos países do Sur.

### ***Un Novo Internacionalismo dos Traballadores e dos Pobos é Necesario e Posíbel***

Coma sexa que nos guste chamalo, o capitalismo histórico é calquera cousa menos sustentábel. É tan só un breve paréntese na historia. Desafiado no fundamental, o que os nosos pensadores contemporáneos non poden imaxinar como “posíbel” e menos inda como “desexábel”, é, porén, a condición esencial para a emancipación dos traballadores e dos pobos dominados (os das periferias, isto é, o 80% do xénero humano). E as dúas dimensións do desafío son indisolúbeis. Non será posíbel pór final ao capitalismo a menos que e até que estas dúas dimensións do mesmo desafío se acepten conxuntamente. Non é “seguro” que sexa isto o que acontecerá, en cuxo caso o capitalismo será “superado” pola vía da destrución da civilización (no canto de polo *malestar* da civilización, por utilizar a frase de Freud) e quizais da vida no planeta. Por tanto, o escenario dun “*remake*” do século XX queda moi lonxe da necesidade da humanidade se embarcar na longa transición ao socialismo mundial. A catástrofe liberal fai necesario anovar unha crítica radical do capitalismo. O desafío é como construír ou reconstruír o internacionalismo dos traballadores e dos pobos confrontados ao cosmopolitismo do capital oligárquico.

A construción deste internacionalismo pode ser unicamente imaxinado e previsto a través de avances triunfantes, novos, e revolucionarios (como os comezados en América Latina e o Nepal) que ofrezan a perspectiva dunha superación do capitalismo.

Nos países do Sur, a batalla dos estados e das nacións de cara a unha globalización negociada sen hexemonías, a forma contemporánea de desconexión, sustentada na organización das demandas das clases populares, pode circunscribir e limitar os poderes dos

O recente cumio do G-20 (Londres, abril de 2009) de ningún xeito marca o comezo dunha «reconstrución do mundo». E quizais non sexa unha coincidencia que fora seguido polo cumio da OTAN, o brazo militarizado do imperialismo contemporáneo, e polo reforzamento da súa ocupación militar en Afganistán. A guerra permanente do «Norte» contra do «Sur» debe continuar.

oligopolios da *Triada* imperialista. As forzas democráticas dos países do Norte deben apoiar esta batalla.

O discurso “democrático” proposto pola ideoloxía dominante e aceptado por unha maioría das esquerdas (tal coma son), as intervencións “humanitarias”, as prácticas patéticas de “axuda”, non se confrontan xenuinamente con este desafío.

Nos países do Norte, os oligopolios son xa evidentemente formas do “patrimonio común” cuxa xestión non pode ser deixada nas mans únicas dos intereses privados particulares (a crise salientou os resultados catastróficos de semellante enfoque). Unha esquerda auténtica debe ter a carraxe de se atrever a unha nacionalización como un primeiro chanzo esencial cara a súa socialización a través do afondamento da práctica democrática. A crise actual fixo posíbel o concibir a cristalización potencial das forzas políticas e sociais, xunguindo a todas as vítimas do poder exclusivo das oligarquías dominantes.

A primeira onda das loitas polo socialismo, a do século XX, puxo de manifesto os límites das socialdemocracias europeas, dos comunismos da terceira internacional, e dos nacionalismos populares da etapa de Bandung: a perda do ímpeto e finalmente a desaparición das súas ambicións socialistas. A segunda onda, esta do século XXI, debe sacar leccións de todo isto. En particular, debe asociar a socialización da xestión económica co afondamento na democratización da sociedade. Non existirá socialismo sen democracia, mais igualmente, tampouco existirá progreso democrático fóra dunha perspectiva socialista.

Estes obxectivos estratéxicos obríganos a reflexionar sobre a construción de “converxencias na diversidade” (por nos referiren aquí á fórmula utilizada polo Foro Mundial de Alternativas), sobre das formas de organización, e sobre das loitas das clases dominadas e explotadas. E non pretendo condenar desde o comezo aquelas formas que, a súa maneira, rescatasen as tradicións da socialdemocracia, o comunismo e o nacionalismo popular, ou que diverxeran delas.

Iso paréceme necesario cara pensar a respecto da renovación dun marxismo creativo. Hoxe aínda moito máis ca onte, nunca ten sido tan útil e necesario Marx de cara a comprender e transformar o mundo. Ser marxista neste senso é comezar con Marx e non parar con el, ou con Lenin ou Mao, tal como se concibiú e practicou polos marxismos históricos do século previo. É dar a Marx o que lle debemos: a intelixencia de ter comezado un pensamento crítico, unha crítica da realidade capitalista, e unha crítica das súas representacións política, ideolóxica e cultural. Un marxismo creativo debe perseguiren sen vacilar o obxectivo de enriquecer este pensamento crítico *par excellence*. Non debe manifestar temor á integración de todas as

contribucións resultado da reflexión en todas as áreas, incluídas aquelas contribucións que teñen sido erroneamente consideradas “alleas ou estrañas” polos dogmáticos dos marxismos históricos do pasado.

### ***En Conclusión: A Impotencia da Economía Vulgar***

Nos momentos de “crise” coma os nosos, a impotencia da economía vulgar é demasiado evidente.

Por iso *Le Monde* propuxo unha cuestión maliciosa: “Cómo é cos expertos de Harvard non previron o ‘*crash*’ ...?”. Son imbéciles entón?. Claro que non. Mais a súa intelixencia está completamente enfocada nos únicos campos aceptábeis para a economía vulgar e a falsa teoría dun “capitalismo imaxinario de mercados xeneralizados”. Xusto igual que outras mentes xeniais doutra época crían co debate sobre o sexo dos anoxos podería contribuír a unha mellor comprensión do mundo!.

A economía vulgar, enfocada na análise de mercados operando sobre a base dunha “información imperfecta”, é forzada así a substituír unha análise da realidade capitalista por un xogo interminábel (para o que as matemáticas fanse indispensábeis) de hipóteses relativas as “expectativas”. Estas hipóteses fan posíbel prever todo e nada, coma tan ben decatárase a intelixencia sutil e realista de Keynes.

Que son estas “expectativas”?. Non son mais cunha serie de trucos. A expectativa dos que venden a súa forza de traballo?. Estes traballadores desafortunados coñecen que apenas teñen ningunha elección. Tamén coñecen que non poden mellorar as condicións da venda da súa forza de traballo a non ser por medio da organización e da loita de clase colectiva. As expectativas dos consumidores que “elixen” (o seu “supermercado”?) e “elixen” investimentos financeiros potenciais?. Estes desafortunados están obrigados a tomar o asesoramento dos seus banqueiros, os que deciden realmente. As expectativas do empresarios que deciden se invisten ou non?. A historia demostra, como Marx e Keynes comprenderon, cos ciclos de sobreinvestimento e depreciación do capital impoñen a súa realidade. As expectativas dos propietarios de capital que elixen entre investimentos arriscados e a preferencia pola liquidez?. Déronse repetidamente burbullas financeiras, e as súas razóns e mecanismos, que foron perfectamente analizados, mais unha vez, por Marx, xunto co seu descubrimento da alienación suprema dos economistas vulgares (“o diñeiro fai máis diñeiro”, D fai D’ sen pasar a través da produción), sempre permanecerán fóra do pensamento dos nosos economistas convencionais. As expectativas dos especuladores nos mercados de valores?. Sabemos que a posición óptima é como a que toman as ovelas que seguen o movemento xeral e que isto necesariamente

Hoxe inda máis ca antes, nunca ten sido tan útil e necesario Marx, de cara a comprender e transformar o mundo. .... E dar a Marx o que lle debemos: a intelixencia de ter comezado un pensamento crítico, unha crítica da realidade capitalista, e unha crítica das súas representacións política, ideolóxica e cultural. Un marxismo creativo debe perseguiren sen vacilar o obxectivo de enriquecer este pensamento crítico *par excellence*.

acentúa as fluctuacións.

O naufraxio no océano das expectativas é o produto inevitábel de reduciren a sociedade a unha colección de individuos e da ignorancia premeditada das realidades principais polas que se define o capitalismo real (clases, propiedade privada, o Estado, as nacións, etcétera). Isto é soamente unha formulación ideolóxica no senso negativo do termo; é sumamente funcional para lle dar lexitimidade ás prácticas reais do capital dominante. Os economistas vulgares que reclaman co seu traballo é científico non son incluso conscientes do que están facendo. Non poden comprender que para realizar traballo científico, para abordar unha comprensión da realidade obxectiva, un debe comezar cunha crítica radical do punto de partida do seu razoamento.

Os economistas convencionais non son pensadores críticos. Son, no mellor dos casos, “tecnócratas”. Gusto de utilizar para eles a palabra anglosaxona “executivo”: son axentes de execución, unha vez ás ordes do capital, agora ás ordes dos oligopolios.

Esa é a razón de por qué as “críticas” que poden facer do sistema son sempre marxinais e as súas propostas de reforma que pensan como “realistas” son na realidade perfectamente irreais na súa maioría. E cando, por algunha razón moral ou outra, a realidade os contravén (“demasiada pobreza”, de feito, “demasiada desigualdade”), convértese en inevitábel a deriva cara sermóns e desexos piadosos con aparencia de política. Por tanto, o *bestseller* dun premio Nóbel de economía (estritamente reservado para os economistas vulgares) é, no mellor dos casos, un traballo mediocre. O de Joseph Stiglitz, que se adorna do pomposo título de *Outro Mundo*, constitúe un bo exemplo<sup>8</sup>.

Stiglitz “descubriu” en 2002 que o Consenso de Washington non era bo; descubriu a realidade do comportamento do FMI, da OMC, etcétera. Máis da metade das 550 páxinas deste traballo ampuloso están dedicadas a “revelacións” que outros coñecían desde fai ao redor de 30 ou 40 anos!. Stiglitz cre que é o primeiro en as dicir; endexamais leu o traballo dos pensadores críticos (e probablemente nunca o desexará). E non é tanto por arrogancia coma simplemente por unha ignorancia completa. Un exemplo gracioso e divertido: Stiglitz “descubre” que en 1990 existía un acordo de prezos por parte dalgúns oligopolios!. Extraordinario!. E que nos propón entón para restabelecer a “competencia”? Unha lei *anti-trust* [*anti-monopolio*] e o litixio ao estilo ianqui!.

No seu libro, Stiglitz fai caso omiso da *financiarización*, respecto da que apenas di nada e a cal cre inofensiva e mesmo útil. O notábel traballo do recentemente chorado Giovanni Arrighi, relativo á *financiarización*

<sup>8</sup> Joseph Stiglitz, *Un autre monde, contre le fanatisme des marches*, Paris: Livre de poche, 2009.

como a última etapa das hexemonías en declive é, obviamente, completamente ignorado<sup>9</sup>. Evidentemente, Stiglitz estaba sorprendido polo colapso financeiro de 2008, respecto do cal non existe nin unha soa liña que indicase a seriedade da ameaza. E inda que outros (eu mesmo, entre eles) no momento temporal do seu “descubrimento” tiñamos analizado o sistema liberal globalizado coma sendo inestábel por natureza e condenado a colapsar por medio de crises financeiras (o talón de Aquiles do sistema, coma o denominei). Stiglitz evidentemente ignoraba todo isto.

Así, a idea que ten de si mesmo, “revelando ao mundo” os “defectos” do sistema, pode só facernos sorrir.

Por tanto, non é sorprendente que o que teño denominado “informe Stiglitz” non rompa coa ortodoxia reaccionaria, convencional. Ese informe foi emitido pola comisión deseñada polo entón Presidente da Asemblea Xeral da ONU, Padre Miguel D’Escoto, que foi desafortunadamente dirixida por Stiglitz, quen probablemente impuxo a súa percepción superficial e limitada dos problemas na versión final do documento<sup>10</sup>. O “fracaso” que obtivo, o feito de que os países do Sur decidiran non estar representados na Asemblea Xeral de xuño ao nivel requirido, era de facto, para min, un bo sinal. Implica cos países do Sur comprenderan que este informe, baixo o pretexto de “consensos globais” ... e realismo, podía estar aliñado coa estratexia do Norte de cara a “responder á crise” e que as súas propostas eran dunha clase tal que deberían ser “aceptábeis” para os oligopolios. Cambiar o mundo?. Nono dirás en serio!.

### 5. A Militarización da Globalización, a “Axuda” e o Pos Modernismo

Para manter as súas rendas de monopolio os oligopolios non poden contentarse con deduciren unicamente as súas exaccións das súas “economías nacionais”. A súa dimensión globalizada os capacita para facer deducións aínda superiores das economías das periferias dominadas, emerxentes e *marxinalizadas*. O saqueo dos recursos de todo o planeta e a superexplotación dos traballadores subministra a substancia da renda imperialista. A súa vez, estas constitúen as condicións para o consenso social, que daquela faise posíbel nas sociedades opulentas do Norte.

Os discursos sobre a democracia e a ecoloxía serven para enmascarar e ocultar os obxectivos reais.

A economía vulgar é a pedra base da ideoloxía capitalista, como debería ter sido comprendido desde a aparición da “crítica da economía política” (o subtítulo do *Capital* de Marx). A economía vulgar, na medida que atinxe a unha “non realidade” (os mer-

<sup>9</sup> Arrighi, *O Século Vinte Longo*, op. cit.

<sup>10</sup> Os documentos da ONU en cuestión están publicados na súa páxina web.

A economía vulgar é a pedra base da ideoloxía capitalista, como debería ter sido comprendido desde a aparición da «crítica da economía política» (o subtítulo do *Capital* de Marx). A economía vulgar, na medida que atinxe a unha «non realidade» (os mercados xeneralizados) non merece o nome de ciencia que reclama.

cados xeneralizados), non merece o nome de ciencia que reclama. A súa función social real é parecida a da bruxería na antigüidade. Como esta última, recorre a unha linguaxe deliberadamente inintelixíbel para os cidadáns, intentando eliminar o seu poder de decisión por medio dun bombardeo con “verdades” consideradas coma “obxectivas”. En contraste, a linguaxe do pensamento social auténtico sempre permanece claro, coma os escritos de Marx, incluso aqueles de maior dificultade: educan á xente.

### **Derrotar o Control Militar do Planeta polos Imperialistas.**

O desafío real ao que se enfrontan as persoas e os pobos é antes que ningún outro o da militarización da globalización. De facto, o control militar do planeta polos EEUU e os seus subalternos (a OTAN e o Xapón) converteuse na única maneira, no recurso último, para facer posíbel a exacción da renda imperialista sen a que o sistema non pode sobrevivir. O Imperio do Caos, tal como o describo desde 1991, e a guerra permanente contra dos pobos do Sur son unha e a mesma cousa. Isto é polo que un dos primeiros obxectivos estratéxicos das forzas progresistas e democráticas no Norte e no Sur debe ser o rexeitamento das forzas armadas da *Triada*, cara forzar aos EEUU a abandonar as súas bases espalladas en todos os continentes, e para desmantelar a OTAN<sup>11</sup>.

Este é probabelmente o obxectivo do “Grupo de Shanghai” que comezou anovando o espírito do “non aliñamento”, no sentido de “non aliñamento coa globalización imperialista e o proxecto político e militar da *Triada*”.

Penso que existe aquí un paralelismo coa historia de Bandung. Mesmo denantes da conferencia con este nome (1955) e do “non aliñamento” (1960), foron mobilizados grupos de pensadores radicais cara propoñer contra estratexias dos pobos de Asia e África, posíbeis e efectivas, para forzar o retroceso do imperialismo desa época. O autor deste artigo tivo a honra e o pracer de participar nun destes grupos para o Oriente Medio desde 1950. Hoxe existe a necesidade dunhas iniciativas semellantes.

### **A “Axuda”, un Instrumento Complementario para Controlar os Países Vulnerábeis**

A “axuda internacional”, presentada coma indispensable para a supervivencia dos “países menos desenvolvidos” (a terminoloxía da ONU para moitos dos países africanos e uns poucos doutros continentes) xoga aquí o seu papel. Posto co seu obxectivo real, ao apuntar aos países máis vulnerábeis da periferia, é o de crear

un obstáculo extra a súa participación nunha fronte alternativa do Sur<sup>12</sup>.

Os conceptos de axuda teñen sido confinados nunha camisa de forza. As súas estruturas foron definidas na Declaración de París sobre a Efectividade da Axuda (2005), que foron redactadas pola OCDE, e logo impostas aos seus beneficiarios. A *condicionalidade* xeral, o aliñamento cos principios da globalización liberal, están omnipresentes. Algunhas veces faise explícito: fomentar a liberalización, abrir os mercados, facerse “atractivo” para o investimento privado estranxeiro. Algunhas veces é indirecto: respectar as regras da OMC. O país que refugue de subscribir esta estratexia, que ten sido definida unilateralmente polo Norte (a *Triada*), perde todo o dereito a resultaren elixíbel para recibir axuda. Desta maneira a Declaración de París é un paso atrás, e non un avance, en comparanza coas prácticas das “décadas de desenvolvemento”, dos anos sesenta e setenta, cando se recoñecía o principio de libre elección polos países do Sur na continuación co seu propio sistema e das súas políticas económicas e sociais.

Nestas condicións, as políticas de axuda e os seus obxectivos aparentes e inmediatos non poden separarse das estratexias xeopolíticas do imperialismo. Pois as diferentes rexións do mundo non cumpren as mesmas funcións no sistema globalizado liberal. É suficiente con mencionar o seu común denominador (liberalización comercial, apertura dos mercados financeiros, privatizacións).

A África sub sahariana está moi ben integrada neste sistema global, e de ningunha forma “*marxinalizada*”, como se reclama desafortunadamente, moi a miúdo sen pensar. O seu comercio exterior representa o 45 por cento do seu PNB (Produto Nacional Bruto), comparado co 30 por cento de Asia e de Latino América, e o 15 por cento para cada unha das rexións de abranguen a *Triada*. Por tanto, África está cuantitativamente “máis” e non “menos” integrada, mais dunha maneira diferente<sup>13</sup>.

A xeconomía da rexión depende de dous sistemas de produción que determinan as súas estruturas e definen o seu lugar no sistema global:

1. a exportación de produtos agrícolas “tropicais”: café, cacao, algodón, cacahuets, froitas, aceite de palma, etcétera; e
2. hidrocarburos e minerais: cobre, ouro, metais raros, diamantes, etcétera.

O primeiro son os medios de “supervivencia” (á parte do autoconsumo dos campesiños) que financian

12. Samir Amin, *Axuda, ¿Para qué Desenvolvemento?* (nun libro publicado en inglés por Fahamu, vindeira publicación en 2009).

13. Samir Amin, *¿está África realmente Marxinalizada?* en Helen Lauer (ed.), *Historia e Filosofía da Ciencia para Estudantes Universitarios Africanos*, Ibadan: Hope pub, 2003.

O desafío real ao que se enfrontan as persoas e os pobos é antes que ningún outro o da militarización da globalización. De facto, o control militar do planeta polos EEUU e os seus subalternos (a OTAN e o Xapón) converteuse na única maneira, no recurso último, para facer posíbel a exacción da renda imperialista, sen a que o sistema non pode sobrevivir.

11. Samir Amin, *L'Empire du Chaos*, Paris: Harmattan, 1991; Samir Amin, *L'hégémonie des Etats-Unis et l'effacement du projet européen*, Paris: Harmattan, 2000.

o transplante do Estado sobre a economía local e, a través do gasto público, a reprodución das “clases medias”. Esta clase de produción é de maior interese para as clases gobernantes locais que para as economías dominadas; pola contra, o que interesa ás últimas son os produtos dos recursos naturais do continente. Hoxe son os hidrocarburos e minerais raros. Mañá serán as reservas para o desenvolvemento dos agrocarburos, o sol (cando se faga factíbel a transporte a longa distancia da electricidade solar, dentro dunhas poucas décadas), o auga (cando a súa “exportación” directa ou indirecta se faga posíbel).

A carreira para converter as áreas rurais cara a expansión dos agrocarburos é un proceso en marcha en Latino América. Neste campo, África ten unhas posibilidades enormes. Madagascar comezou o movemento e concedeu xa grandes áreas no occidente do país. A posta en práctica do Código Rural Congolés en 2008, inspirada polos belgas e a FAO (Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación), sen ningunha dúbida porá en condicións ás empresas agrícolas de asumir o control de terras agrícolas nunha escala masiva cara a súa “explotación”, da mesma maneira co Código Mineiro xa posibilitou o saqueo dos recursos minerais da súa antiga colonia. Os campesiños “inútiles” pagarán por isto, e a miseria crecente cos agarda quizais atraerá a asistencia humanitaria e programas de “axuda” futuros para reduci- ren a pobreza!. Nos anos setenta fun sabedor dun vello soño colonial para o *Sáhel*, que consistía en expulsar a poboación (*shaelianos* inútiles) en favor de ranchos extensivos, estilo texano, criando gando para a exportación.

A nova fase da historia que se abriu está marcada por un agudizar dos conflitos polo acceso aos recursos naturais do planeta. A *Triada* pretende reservarse o acceso exclusivo a esta África “útil” (a das reservas de recursos naturais) e impedir o acceso aos “países emerxentes” cuxas necesidades a este respecto son xa grandes e probablemente medrarán. Garantir o acceso exclusivo implica o control político e reduci- ren aos Estado africanos a un estatus de “estados clientes”.

Por tanto, non é incorrecto considerar co obxectivo da axuda sexa o de “corromper” ás clases gobernantes. Aparte das confiscacións financeiras (que, desafortunadamente, son ben coñecidas e sobre as que somos inducidos a crer cos donantes non teñen ningunha responsabilidade), a axuda converteuse en “indispensábel” pois é unha fonte importante de financiar os orzamentos cumprindo unha función política. Así faise necesario pensar da axuda coma un feito permanente e non cara prepararen a súa eliminación a través dun esforzo serio de desenvolvemento. Por iso é importante que non se reserven exclusiva e completamente para as clases no poder, para o “gobierno”. Tamén debe darse participación ás “oposicións” que son capaces de

as suceder. A chamada sociedade civil e certas organizacións non gobernamentais (ONGs) teñen un papel a xogar nisto. A axuda en cuestión, se ten de ser realmente efectiva politicamente, tamén debe axudar a manter a entrada dos campesiños no sistema global, entrada que proporciona outra fonte de ingreso para o Estado. A axuda tamén debe preocupar no progreso da “modernización” dos cultivos de exportación.

A crítica de dereitas da axuda está baseada na noción de que corresponde aos países afectados tomar as accións para se liberaren da súa dependencia abríndose inda máis ao capital estranxeiro. En esencia, este foi o discurso de Sarkozy en Dakar e o de Obama en Acra. Esta apelación retórica evita a cuestión real. Pois a axuda, unha parte integral da estratexia imperialista, de facto, busca *marginar* os pobos de África que son inútiles e importunos, para así proseguir mellor co seu saqueo dos recursos africanos!.

A crítica feita pola esquerda “benfeitora”, que é a de moitas das ONGs, aceptan cos “donantes” honrarán os seus compromisos. Limítanse ás chácharas sen sentido a respecto da “capacidade de absorción”, do “cumprimento”, da “boa *gobernanza*”, da súa promoción pola “sociedade civil”. Demanda “máis” e “mellor” axuda!. A crítica radical, pola contra, apoia o desenvolvemento autónomo. Un pode imaxinar que a axuda neste contexto derivaría da solidariedade internacional dos pobos, confrontada (e contraria) ao cosmopolitismo do capitalismo.

### ***Pobreza, Sociedade Civil, Boa Gobernanza: A Retórica Incerta do Discurso Dominante***

Este discurso dominante afirma co seu obxectivo é “reducir, se non erradicar, a pobreza” apoiando á “sociedade civil”, en orde a substituíren pola “boa *gobernanza*” a “forma de goberno” que se axuiza como “mala”.

O mesmo termo “pobreza” procede dunha linguaxe que é máis vella ca Matusalen; á da caridade (relixiosa ou doutra caste). Esta linguaxe pertence ao pasado, non ao presente, e moito menos ao futuro. Precede á linguaxe creada polo pensamento social moderno, que intenta ser científico, isto é, descubrir os mecanismos que dan lugar a un fenómeno visíbel e observado.

A masa atafegante de literatura respecto da pobreza se enfoca exclusivamente, ou case, en “localizar” o problema e cuantificalo. Non se propón cuestións coma “cais son os mecanismos que crean a pobreza en discusión?”. Teñen algunha conexión coas regras fundamentais (como a de competencia) que gobernan os nosos sistemas e en particular, e na medida cos países do Sur que reciben axuda están afectados, coas estra-

A crítica [da axuda] feita pola esquerda «benfeitora», que é a de moitas ONG, aceptan cos «donantes» honrarán os seus compromisos. Limítanse a chácharas sen sentido ... . Demanda «máis» e «mellor» axuda!. A crítica radical, pola contra, apoia o desenvolvemento autónomo.

teñas de desenvolvemento e as políticas concibidas para eles?.

O concepto de “sociedade civil”, mesmo de o tomar con seriedade (por non falaren do seu uso aleatorio), ;ten sido elevado ao nivel ao que debería estar un concepto en orde a ter a súa oportunidade e ser digno de inclusión nun debate serio que aparenta ser científico?. Tal coma se propón, a “sociedade civil” está asociada cunha ideoloxía de consenso. Trátase dun consenso duplo:

1. que non existe alternativa á “economía de mercado” (en si mesmo unha expresión indiscriminada e falta de discernimento que serve para substituír unha análise do “capitalismo realmente existente”).
2. que non existe alternativa á democracia representativa baseada en eleccións de partidos múltiples (concibido como a “democracia”) que serve coma un substituto para a concepción de democratización da sociedade, o que constitúe un proceso sen fin.

Pola contra, a historia das loitas veu a emerxencia de culturas políticas de conflito, baseadas nun recoñecemento do conflito dos intereses sociais e nacionais, o que dá un significado completamente diferente aos termos “esquerda” e “dereita”. Atribúe á democracia creativa o dereito e o poder para imaxinar alternativas e non simples “alternancias” no exercicio do poder (mudar os nomes para facer as mesmas cousas).

“Goberno” foi inventado como un substituto de “poder”. A oposición entre estes dous adxectivos cualificativos, boa ou mala *gobernanza*, trae á mente o maniqueísmo e o moralismo, substitutos dunha análise da realidade tan científico coma sexa posíbel. Mais unha vez esta moda chega canda nós desde o outro lado do Atlántico onde, a miúdo, o sermón domina o discurso político. A “boa *gobernanza*” esixe de “quen decide” que sexa “xusto”, “obxectivo” (que elixa a “solución óptima”), “neutral” (aceptando unha presentación equilibrada dos argumentos), e, por riba de todo, “honesto” (incluíndo, por suposto, o significado máis anódino e financeiro da palabra). Lendo a literatura producida polo Banco Mundial sobre a cuestión, un atópase a si propio, a xulgar polas queixas presentadas, xeralmente por homes da relixión ou da lei (e poucas mulleres!), retornando ao Oriente dos antigos tempos, do “déspota xusto” (nin sequera ilustrado!).

A ideoloxía subxacente está sendo claramente utilizada para eliminar simplemente a cuestión real: que intereses sociais representan e defenden o poder gobernante, sexa o que sexa?. Cómo pode a mudanza no poder, tal coma é, progresar para se converter gradualmente nun instrumento das maiorías, en particular das vítimas do sistema?. Neste sentido, folga dicir ca receita electoral pluri-partidista ten demostrado os seus límites.

## O Discurso “Pos-Modernista”

O pos-modernismo completa o discurso chamado por alguén o “novo espírito do capitalismo”, mais sería mellor consideralo como a ideoloxía do capitalismo serodio/imperialismo dos oligopolios. Un libro recente de Nkolo Foe dá unha descrición convincente e poderosa de cómo isto funciona moi ben cara servir os intereses reais dos poderes dominantes<sup>14</sup>.

O modernismo orixinouse co discurso da Ilustración do século XVIII na Europa, xuntamente co trunfo da forma histórica do capitalismo europeo e o imperialismo co acompaña, que posteriormente conquistou o mundo. Sofre contradicións e limitacións. A ambición de ser universal que formula vén definida polos dereitos do home (mais non necesariamente da muller!), que son, de feito, os dereitos do individualismo burgués. O capitalismo real, co que está asociado esta forma de modernidade, é ademais un imperialismo que nega os dereitos dos pobos non europeos que teñen sido conquistados e subordinados á exacción dunha renda imperialista.

A crítica desta modernidade burguesa e capitalista/imperialista é, de certo, necesaria. E Marx, emprendeu de maneira eficaz esta crítica radical, que sempre resulta necesario actualizar e estudar máis profundamente.

A nova Razón considerouse a si propia emancipadora; e así foi na medida que liberou á sociedade das alienacións e opresións dos *Anciens Regimes*. Era, por tanto, unha garantía de progreso, mais dunha forma de progreso que era limitada e contraditoria xa que era o capital quen, en última instancia, dirixía á sociedade.

O pos-modernismo non leva a cabo esta crítica radical cara fomentar e promover a emancipación dos individuos e da sociedade a través do socialismo. Pola contra, propón un regreso ás alienacións premodernas e precapitalistas. As formas de sociabilidade que promove están necesariamente en liña coa adhesión a unha identidade “tribal” para as comunidades (para-relixiosas e para-étnicas), nas antípodas do que se precisa para afondaren na democracia, que convértese nun sinónimo de “tiranía do pobo” que se atreve a cuestionar a sabia dirección dos executivos que serven aos oligopolios. As críticas pos-modernistas dos “grandes relatos” (a Ilustración, a democracia, o progreso, o socialismo, a liberación nacional) non miran cara o futuro senón que regresan a un pasado imaxinario e falso, extremadamente idealizado. Desta maneira facilita a fragmentación da maioría da poboación facéndolle aceptar o axuste á lóxica de reprodución da

<sup>14</sup> Nkolo Foe, *Le post modernisme et le nouvel esprit du capitalisme. Sur une philosophie globale d'Empire*, Dakar: Codesria, 2009; Samir Amin, *Modernité, religion, démocratie, Critique de l'eurocentrisme et critique des culturalismes*, Paris: Parangon, 2008; Samir Amin, *Sur la crise*, op. cit., capítulos 2 e 3; Jacques Rancière, *La haine de la démocratie*, Paris: La Fabrique, 2008.

O posmodernismo non leva a cabo esta crítica radical cara fomentar e promover a emancipación dos individuos e da sociedade a través do socialismo. Pola contra, propón un regreso ás alienacións premodernas e precapitalistas.



dominación polos oligopolios imperialistas. Esta fragmentación dificilmente pode alterar esa dominación; pola contra, faina máis doada. O individuo non se converte nun axente consciente e lúcido da transformación social, senón no escravo dun consumismo triunfante. O cidadán desaparece dándolle paso ao consumidor/espectador; non xa máis en adiante un cidadán na busca da emancipación senón unha criatura insignificante que acepta a submisión.

